



## Concello de Outeiro de Rei

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2023/9	O Pleno

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	28 de setembro de 2023
<b>Duración</b>	Desde as 12:15 ata as 14:30 horas
<b>Lugar</b>	Casa Consistorial
<b>Presidida por</b>	JOSÉ PARDO LOMBAO
<b>Secretario</b>	Cristina Castro Fuentes

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33329791P	Elvira Lombao Vila	SÍ
33331257W	FERMÍN LÓPEZ GONZÁLEZ	SÍ
33817919F	JOSÉ PARDO LOMBAO	SÍ
33834799M	Jesús Fernández García	SÍ
34222169D	José Yebra Amorín	SÍ
33323696P	LUIS ALFONSO TRIGO FERNÁNDEZ	SÍ
47373684D	MIGUEL VIEITO VILLAR	SÍ
36071720S	Maria del Carmen Acacio Lopez	SÍ
33321284B	María Begoña Seco Varela	SÍ
33329706S	María José Martínez Vigo	SÍ
33327776V	Pilar Méndez Lombao	SÍ





## Concello de Outeiro de Rei

33544829L	Tania Díaz Seijas	SÍ
33307083R	Xosé Ferreiro Fernández	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

Previo ó inicio da sesión, o sr. Alcalde pregunta aos concelleiros e concelleiras que si pode cambiar a Orde do Día e tratar primeiro o punto segundo e despois o punto primeiro. Todos dan o seu consentimento.

Comeza a sesión sen a concelleira popular María Begoña Seco Varela.

#### Expediente 340/2020. Subvencións Solicitadas a Outra Administración

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 9 do PP, En contra: 3 do BNG, Abstencións: 1 PSOE,  
Ausentes: 0

Explica o sr. Alcalde que o plan de Acción para o Clima e a Enerxía do Concello de Outeiro de Rei é o que era anteriormente o Pacto dos Alcaldes, e a día de hoxe é o Pacto das Alcaldías aprobado polo concello en 2020 e do que se trae ao Pleno o informe de seguimento, para ver cómo se vai desenvolvendo.

Da lectura o sr alcalde aos compromisos adquiridos.

(entra a concelleira María Begoña Seco sendo as 12:20h)

Informa o sr. Alcalde aos concelleiros que cree que estamos na línea adecuada e que se trae a este Pleno o informe porque así o esixe a subvención.

Intervén a concelleira Carmen Acacio, do grupo municipal socialista. Di que no punto 5º coméntase que unhas das razóns que suponen unha demora no cambio é porque fala de resistencia ao cambio e descoñece si esa resistencia é respecto do concello o respecto dos veciños. Di tamén a concelleira que mais de 1.500.000€ foron para obras de peatonalización e para sendas ciclistas. Di que de camino ao Pleno viu que se está facenda un mantemento da senda de Bonxe e que lle parece que iso é o adecuado.

Intervén o concelleiro nacionalista Miguel Vieito e di que ademáis de ser honrado hai que parecelo, porque cree que o informe aportouse moi tarde para o seu estudio pola oposición porque consta no concello desde maio e non foi posto a disposición ata que se convocou o Pleno. Anuncia que van votar en contra, porque non se recollen determinados aspectos como os problemas da depuradora. Por exemplo di que se fala de que no sector residencial non se levaron a cabo actuacións pero logo figura como cumprimentos logrados.

Di tamén que se recollen medidas non aplicables a Outeiro de Rei.

Di o sr. Alcalde que as estradas sí se desbrozan periódicamente como sempre e que cando se fai calquera tipo de obra, se conserva, non como fan outras administración. Contéstalle o sr. Alcalde á concelleira socialista que esté moi tranquila porque as vías se van a conservar como sempre se fixo.





## Concello de Outeiro de Rei

Contéstalle o sr. Alcalde ao concelleiro Miguel Vieito que non entende lo de que aparte de ser honrado, hai que parecelo, porque están falando de servicios. Dille tamén que recibiu o informe exactamente cando tiña que recibilo, esto é, coas debidas convocatorias, igual que lle facilitan ao alcalde a documentación cando acude a outras administracións, por iso non entende que Miguel Vieito considere que llo tiñan que facilitar con meses de antelación.

O concelleiro nacionalista Miguel Vieito fala da existencia de verquidos de auga residuais. Di o sr. Alcalde que son residuais, anecdóticos e que en Outeiro xa había medidas previas ao PACES porque sempre intentan ir por diante e iso é algo para presumir. Di tamén que é certo que non hai recursos para todas as esixencias pero que son de aquí ao 2030 e que as demais administracións públicas deberían colaborar. Di o sr. Alcalde que respecto dos caminos e sendas, se desbroza anualmente e antes que moitas Administracións Públicas, a diferenza do que manifestou o Presidente da Deputación no Pleno doutro día.

Di o alcalde que o informe é lóxico e coherente e que Outeiro va avanzando, pero que hai que contar coas inversións e as subvencións.

Sométese a votación o contido da proposta por 9 votos a favor do PP, 3 en contra do BNG e 1 abstención do PSOE, conforme a proposta que se copia:

*Á vista do informe “ PRIMER INFORME DE SEGUIMIENTO (20-22) y MEDIDAS DE ADAPTACIÓN Plan de Acción para el Clima y la Energía del Concello de Outeiro de Rei, obrante no expediente 340/2020 e redactado polo Enxeñeiro D. José Carlos Sangiao Puente, ditaminado favorablemente pola Comisión de Asuntos do Pleno, propoño ao Pleno da Corporación:*

*.- A Aprobación do RIMER INFORME DE SEGUIMIENTO (20-22) y MEDIDAS DE ADAPTACIÓN Plan de Acción para el Clima y la Energía del Concello de Outeiro de Rei, obrante no expediente 340/2020 e redactado polo Enxeñeiro D. José Carlos Sangiao Puente*

*En Outeiro de Rei, na data indicada na sinatura electrónica  
O Alcalde*

*D. José Pardo Lombao*

### **2º.- DITAME FAVORABLE DE ESIXENCIA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE CONSERVACIÓN E MANTENEMENTO DAS VÍAS DE TITULARIDADE PROVINCIAL NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Explica o sr. Alcalde que se trae ao Pleno unha solicitude da Deputación de que cumpra coas súas obrigas e que a corporación apoie un escrito presentado por mais de 130veciños.

Di o sr. Alcalde que os gobernos PSOE-BNG non fixeron ningunha reparación serias das vías provinciais e que tampouco lle extraña cómo está a A6.

O alcalde da lectura o “solicitado” do escrito que se incorpora á proposta, que se copia:

*“O Pleno deste Concello de Outeiro de Rei, a vista da proposta de alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno de 25 de*





## Concello de Outeiro de Rei

setembro de 2023, acorda aprobalo seu contido. Se copia:

O Concello de Outeiro de Rei, á vista do escrito presentado polos veciños de Bravos, representados por D. JOSÉ PENELO FERNÁNDEZ, con DNI 33847083F en data 28 de xullo de 2023, ante a Deputación provincial de Lugo todo eles usuarios da vía provincial LU-P3905, no que expoñen:

1. Que non foi sometida a arranxo integral en décadas, unicamente parcheos e similares, ineficaces, que foron agravando paulatinamente a agora desastrosa situación .

2. Soporta unha gran densidade de tránsito diario, uns, gran maioría, veciños da zona e outros, en número importante, procedentes doutras zonas e provincias con ánimo de visitar a zona e os parques zoolóxicos que aquí están situados: Avifauna , Marcelle etc. Chegan descoñecendo a situación e sofren continuos contratemplos, cousa que non se entende.

3. A citada vía, con firme absolutamente destruído, por moitos anos de desatención, cunetas inexistentes , fluxos de auga polo firme, roza unicamente testemuñal e insuficiente. fochancas innumerables, a maioría profundos e lacerantes, destrutivos para os vehículos e de gran envergadura e profundidade, bordos laterais danados, #etc, #etc etc. . É de apuntar que esta vía tamén soporta o continuo tránsito de vehículos pesados.

Ante esta situación hai que esquivar as fochancas e os bordos, invadindo, e provocando manobras de condución inevitables e perigosas e tamén pel igroso cando existe a presenza de peóns #ante as manobras evasivas dos vehículos. A maioría das deficiencias concéntranse entre os núcleos de Villalbite e Bravos. aínda que toda ela está en moi mal estado.

4. Neste sentido, destacar os numerosos incidentes de rodas deterioradas, lamias, amortiguadores e outras partes dos vehículos circulantes, que se esnaquizan día a día, cousa abusiva e inxusta, como entenderán. Danos que empezaremos a protocolizar e reclamar polos leitos legais/administrativos, que xa coñecemos.

5. Dita situación contravén de plano calquera estándar de seguridade viaria e de tráfico rodado, circunstancia moi grave ao noso parecer.

6. Despois de realizar múltiples chamadas ao Servizo de V.O., as nosas demandas non forneceron, en absoluto o efecto esperado, en xustiza e equidade de contribuíntes e cidadáns. Soamente realizouse algún taponamento puntual e precario de certas fochancas, que non serve para nada como solución razoable.

Polo anterior, o Concello de Outeiro de Rei SOLICITA:

1 Como medida URGENTÍSIMA, o taponamento das fochancas que tanto dano causan diariamente e inseguridade , segundo o exposto. Medida que en ningún caso parécenos suficiente e considerámola absolutamente provisional e urxente.

2. O urxente arranxo integral da citada vía en condicións de parámetros actualmente normais e eficientes e en todos os seus elementos constitutivos.

3.- Apoio desta Corporación á petición dos veciños antes citados ante a Deputación Provincial de Lugo.

4.- Esixencia do pleno deste Concello de Outeiro de Rei á Deputación Provincial de Lugo de que cumpra coas súas obrigacións respecto o cuidado e conservación das vías provinciais en xeral, e en concreto a LU-P-3905.





## Concello de Outeiro de Rei

Di o sr. Alcalde que lle sorprende que a concelleira do PSOE no punto anterior falase de arranxar unha senda porque ten herbas e non lle chame a atención aos seus compañeiros socialistas de Deputación por ter as carreteras como as teñen. Resulta aprobado o punto por unanimidade de todos os concelleiros e concelleiras da corporación

### **MOCIÓN DO PSOE RELATIVA A PRESENTACIÓN DOS ORZAMENTOS DE 2024 E DA CONTA XERAL DE 2023 EN PRAZO**

Se copia a moción, que se le pola concelleira socialista Carmen Acacio:

*A Concelleira M<sup>a</sup> del Carmen Acacio López na súa condición de voceira do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA do Concello de Outeiro de Rei ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:*

*Moción para que se presenten os orzamentos do Concello de Outeiro de Rei así como a súa Conta Xeral dentro dos límites de tempo establecidos pola lei.*

#### **MOTIVOS:**

O Art. 162 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) define os orzamentos Xerais das Entidades Locais afirmando que “constitúen a Expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a Entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das Sociedades Mercantís cuxo capital social pertenza integramente á Entidade Local correspondente”. Tamén, en resumo, afirma que é o documento no que se materializa e cuantifica o programa de goberno do seu presidente, que o utilizará para levar a cabo as súas determinadas políticas. Así mesmo, despois de especificar cales son os principios orzamentarios e cal debe ser a estrutura dos mesmos, explícanos o tema da elaboración e aprobación do orzamento e di que “Antes do 15 de setembro, remitirase á Entidade Local a mesma documentación referida a cada un dos Organismos Autónomos (formado polo seu presidente, aprobado pola Xunta ou Consellos do Organismo) e Sociedades Mercantís (formado polo seu presidente, aprobado polo Consello de Administración da Sociedade), que dependan da Entidade Local; toda esta documentación será sometida a informe do interventor. Unha vez emitido o informe, o Presidente da Entidade Local remitirao ao Pleno da Corporación antes do 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución.

Ademais, aclara que será o Pleno o que aprobe ou non o documento integramente e exposto ao público no Boletín Oficial da Provincia durante quince días. Aínda así, se non se presentan reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o 31 de decembro do ano anterior ao da aplicación do orzamento. Se ao iniciarse o exercicio non dera entrado en vigor o Orzamento correspondente, prorrogarase AUTOMATICAMENTE o do exercicio anterior.

En definitiva, podemos resumir que o orzamento municipal é o documento que explica como se xestiona o diñeiro público durante un ano. Durante a lexislatura 2019/2023, foi tradición no Equipo de Goberno de Outeiro de Rei, que se presentasen os Orzamentos no mes de xullo do ano de aplicación dos Grupo Municipal Socialista de Outeiro de Rei mesmos e comezamos esta nova lexislatura 2023/2027 presentando en setembro do ano en curso un documento que tiña que ser aprobado antes de decembro de 2022. Realmente, o que está acostumando a facer o concello é presentar un estado de contas máis ca unha previsión. Todo isto supón, como se comprenderá, un incumprimento da lei existente, ao mesmo tempo que un agravio para as demais agrupacións municipais na oposición e, atrevémonos a dicir, para os veciños e veciñas de Outeiro de Rei, que nunca saben que plans orzamentarios ten o goberno municipal.

Por outra banda, vemos que a Comisión especial de contas convócase en calquera data menos antes do 1 de xuño do ano que correspondería e o Pleno no que someter esas contas anuais co informe de dita Comisión debería ser convocado antes do 1 de outubro dese ano. Deste xeito, todo o proceso de





## Concello de Outeiro de Rei

presentación xa se verá alterado de unha ou outra maneira, sendo os veciños e veciñas deste concello os máis prexudicados por semellante maneira de actuar.

No pasado Pleno extraordinario de data 8 de setembro, convocado expresamente para a presentación do orzamento do ano 2023 (case un ano despois do legalmente establecido), o Sr. Alcalde explicou que o fixeron así porque era a maneira de poder saber de cantos cartos disporían para o Concello pero ao mesmo tempo nos documentos orzamentarios cóntase con partidas baseadas no orzamento prorrogado do ano 2022. Sexa o que for, este importantísimo documento non se elaborou no seu tempo e forma, segundo indica a Lei. Por todo o anterior, o Grupo Socialista de Outeiro de Rei presenta a seguintes iniciativas de acordo:

- Que o actual equipo de Goberno cumpra a Lei vixente e presente os orzamentos para o ano 2024 no seu tempo legal.

- Que o actual equipo de Goberno cumpra a Lei vixente e presente a Conta Xeral do ano 2023 no seu prazo legal correspondente.

En Outeiro de Rei, a 21 de setembro de 2023

O BNG manifesta que non formulará intervención.

O sr. Alcalde di que na Administración local hai moita dependencia das subvencións das administración do Estado e da Xunta de Galicia, e iso conleva que se poda facer un orzamento axustado á realidade.

Porque si se facilitase aos Concellos unhas previsións das axudas igual así podería facerse pero sin esos datos, para poder ter un orzamento pechado, hai que esperar. Di o sr. Alcalde que o certo é que algún concelleiros desta corporación teñen unha visión moi negativa, pero que este Concello non para de crecer e que cada vez se prestan mais servizos e o persoal non chega. Infórmalle o sr. Alcalde á concelleira Carmen Acacio que o certo é que non se vai aprobar a moción, pero que se pode decidir mandar á Deputación, ó Estado ou á Comunidade Autónoma para ver si así nos informan antes de que remate o ano das axudas que nos van a conceder. Sométese a votación a moción resultando rexeitada por 9 votos en contra do PP, e 4 a favor ( 3 do BNG e 1 do PSOE)

### **MOCIÓN DO BNG RELATIVA A AXUDAS EQUIPOS FILTRADO DE AUGA**

Dase lectura á moción polo concelleiro Xosé Ferreiro, que se copia:

*Miguel Vieito Villar, Elvira Lombao Vila e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiras e concelleiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:*

#### **MOCIÓN**

**PARA QUE O PLENO INSTE AO GOBERNO MUNICIPAL A ELABORAR UNHA LIÑA DE SUBVENCÍONS PARA EQUIPOS DE FILTRADO QUE PALÍEN O PROBLEMA DA AUGA DA TRAÍDA MUNICIPAL CANDO CHOVE**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O problema da calidade da augada traída municipal en canto caen catro gotas de chuvia é xa recorrente é ata o de agora o goberno municipal non foi capaz de elaborar ningunha medida efectiva que mellore a situación, a pesares do centos de miles de euros que teoricamente se levan gastados para solucionar a situación.*

*Esta mala calidade da auga de Outeiro cando chove está a obrigar á veciñanza de Outeiro a comprar a auga para o consumo das vivendas ou, nalgúns casos, a dotarse de custosos equipos de filtrado para intentar que esta auga sirva para o uso nos seus fogares.*

*As taxas de enganxe no concello de Outeiro son das máis elevadas da provincia de Lugo, senón as máis altas. Ademais diso, o prezo da auga consumida tampouco se pode dicir que sexa barato, sobre todo se o comparamos coa súa calidade.*

*Dado que dende o BNG cremos que é obriga do goberno municipal dotar á poboación dos servizos básicos necesarios para poder vivir e dado que non parece que, cando menos a curto prazo, o concello vaia poder subministrar auga de calidade á veciñanza durante todo o ano, é*







## Concello de Outeiro de Rei

*polo que dende unha total responsabilidade o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei*

*somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción dos seguintes*

**ACORDOS:**

*- O Pleno da Corporación de Outeiro de Rei insta ao goberno municipal a que deseñe unha liña de axudas para a compra de equipos de filtrado que permitan á veciñanza de Outeiro utilizar a auga da traída municipal para o consumo nas súas vivendas todos os días do ano.*

*- Esta liña de subvención manterase mentres non se solucione o problema da auga da traída municipal cando chove.*

O concelleiro Xosé Ferreiro di que a día de hoxe ningún concelleiro dos que están no Pleno podería beber un vaso de auga do grifo. Considera que hai moitas cousas que son mellorables. Di o concelleiro nacionalista que en ocasión tivo que ir ducharse ao Concello de Begonte ou ó Concello de Lugo. E di que po outra banda, o coste da taxa polo enganche de auga é das mais caras da provincia.

Intervén a concelleira socialista Carmen Acacio e di que se vai abster porque cre que o dos equipos de filtrado trátase dun parche. Que no ano 2010 Orozco ofreceu a todos os Concellos limítrofes a posibilidade de compartir o uso dunha potabilizadora, pero que o alcalde fixo caso omiso.

Intervén o sr. Alcalde e di que na moción fálase de moitas cousas, que sí son verdade. Pero sen embargo no Concello de Lugo hai parroquias onde a auga é turbia e non teñen problemas porque no fondo non teñen auga.

Considera o sr. Alcalde que, si non se lle suministrase a auga mais alá do núcleo urbano, non habería estes problemas, pero en Outeiro se lle suministra a auga a todo o rural. Di o alcalde que é certo que hai un problema coa potabilizadora porque o crecemento do concello é tan brutal que supón volver a ampliála.

Di que desde que foi instalada a potabilizadora, aumentó moitísimo a poboación e por iso xa non é suficiente.

Di que xa hai estudos para ampliála, que creceu un 30% dende que foi implantada. Di o sr. Alcalde que na época de Orozco, a confederación Hidrográfica do Norte de España ía facer unha presa para dar auga a Lugo, Rábade, Outeiro, O Corgo e outras zonas pero que chegou Zapatero, apoiado polo BNG, e cambiou o Plan Hidrolóxico e lle deu a potabilizadora so a Lugo. Di que non van apoiar esta moción pero sí seguir traballando para conseguir axudas para a potabilizadora..

O sr. Ferreiro, concelleiro do BNG intervén e di que en 2015 xa había 5000 habitantes, que en 8 anos ganáronse 300 habitantes e iso non pode suponer que a potabilizadora xa non sexa suficiente.

Dille o concelleiro Xosé Ferreiro ao alcalde que non intente tapar a incompetencia política porque puido a Xunta terlle axudado en todos estes anos. Di que él ven de fora de Outeiro e considera que hai moitas cousas que se poden mellorar.

O sr. Alcalde di que as estadísticas son tozudas e en Outeiro houbo moito crecemento e o Estado debería repartir os cartos cos concellos.

Sométese a votación a moción resultando rexeitada por 3 votos a favor do BNG, 9 en contra do PP e 1 abstención do PSOE.





## Concello de Outeiro de Rei

### **MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á BONIFICACIÓN NO IBI POLA INSTALACIÓN DE PLACAS SOLARES**

Le a moción a concelleira Elvira Lombao, do BNG, que se copia:

*“MOCIÓN RELATIVA A QUE O GOBERNO MUNICIPAL INCENTIVE O AUTOCONSUMO SOLAR FOTOVOLTAICO MEDIANTE A SÚA BONIFICACIÓN NO IBI PARA O ANO 2024 EXPOSICIÓN DE MOTIVOS A loita contra o cambio climático é un dos retos ao que nos enfrontamos como sociedade, o cal é vital para definir o mundo que lle imos deixar as xeracións vindeiras. Esta loita e este traballo ten que facerse dende todos os ámbitos, empezando pola administración que está máis preto da cidadanía, a municipal. Os esforzos de todas as administracións públicas deben ir encamiñados a incentivar e reducir a pegada de carbono, e unha vez que o goberno do estado derogou o chamado imposto ao sol co Real Decretolei 15/2018, de 5 de outubro, deu vía libre a que os concellos puidesen establecer bonificacións tanto no I.B.I. como no I.C.I.O. para aqueles veciños e veciñas que aposten polo autoconsumo solar fotovoltaico. A aposta polo autoconsumo solar supón unha clara redución da pegada de carbono, ademais dunha solución de aforro importante debido a escalada de prezos da enerxía na que nos vemos neste momento. A pesares destas vantaxes o autoconsumo solar fotovoltaico non esta aínda popularizado no noso concello, seguramente pola falla de información e pola inversión inicial que supón apostar por este tipo de solucións enerxéticas. Por iso dende o BNG creemos que unha boa maneira de animar a veciñanza de Outeiro de Rei a apostar por esta solución verde e establecer bonificacións nos impostos municipais para aqueles que implanten estes sistemas. Só as medidas reais e concretas levarán a unha auténtica concienciación das nosas veciñas e veciños e converterán realmente a Outeiro de Rei nun concello verde, máis aló de mera propaganda. Ademais de todo iso, se realmente queremos que estas medidas entren en vigor no seguinte exercicio do 2024, teríase que aprobar xa agora, antes de que remate este ano. É por todo isto, seguindo na liña construtiva que está a caracterizar todas as propostas do BNG e dende unha total responsabilidade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción dos seguintes ACORDOS: - Instar ao goberno municipal a modificar a ordenanza fiscal para establecer o 50% de bonificación no IBI durante 5 anos, así como o 50% ICIO, para aqueles cidadáns que opten pola instalación de sistemas de autoconsumo. - Que esta modificación se execute durante este ano 2023 para que xa entre en vigor para o exercicio do 2024.*

Di o sr. Alcalde que existe un Ministerio de Transición Ecolóxica que debería encargarse de iso. Di tamén que reducir os impostos, supón reducir os servizos, como os servizos sociais, por exemplo. Di que a súa política é de impostos baixos e reitera que debería ser o Estado que apoiase esas políticas.

Sométese a votación a moción resultando rexeitada por 4 votos a favor ( 3 do BNG e 1 do PSOE) e 9 en contra ( do PP)







## Concello de Outeiro de Rei

### **MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR CONTRA A TRAMITACIÓN DUNHA LEI DE AMNISTÍA**

O sr. Alcalde le a proposta, que se copia:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O 15 de outubro de 1977 o Congreso dos Deputados aprobou a Lei de Amnistía que seguiu o principio de reconciliación nacional que guiou a nosa Transición á democracia. A amnistía era unha demanda social e unha necesaria e imprescindible impugnación do ordenamento xurídico da ditadura. Foi un dos instrumentos cos que se puxo punto final á represión que sufriu unha parte da sociedade española e un dos grandes acordos que consolidaron o noso camiño á democracia.*

*Durante a tramitación da Constitución de 1978 debateuse a cuestión da amnistía, xa que se presentaron dúas enmendas para que as Cortes Xerais puideran ter esa competencia. As enmendas foron rexeitadas, polo contrario, aprobouse o artigo 62 que prohíbe indultos xerais. É dicir, o perdón -que sí existe no noso ordenamento e que está regulado na Lei do Indulto-, debe ser sempre individualizado e nunca con carácter xeral.*

*Nunha democracia europea consolidada, como é a española de 2023, unha amnistía, ademais, atenta contra algúns dos principios básicos do Estado de Dereito como son a exclusividade do poder xudicial para xulgar e facer executar o xulgado, a igualdade na aplicación da lei e a seguridade xurídica. Nin o lexislador nin o poder executivo poden arrogarse á facultade de declarar inmune a un grupo de persoas, borrar os seus delitos e mesmo evitar que sexan xulgados como calquera outro cidadán. Todo iso ademais mentres que tanto o Tribunal de Xustiza da UE como o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos teñen pendente resolucións referidas á cuestión, sobre a que se expón a posible amnistía e que afectan a España.*

*En 2017 produciuse un intento de insurrección por parte dos poderes públicos de Cataluña contra a orde Constitucional. A reacción do Estado de Dereito foi a aplicación do artigo 155 da Constitución e a posta en marcha dos instrumentos penais contra os seus impulsores.*

*O Tribunal Supremo condenou aos seus principais líderes a penas de entre 9 e 13 anos por sedición e malversación. Algúns dos seus principais responsables fuxiron ao estranxeiro. Desde entón tratan de evitar a acción dos Tribunais españois e europeos. Non foi o único que o fixo. O pasado 5 de setembro Puigdemont condicionou a gobernabilidade de España a, entre outras cuestións, a aprobación dunha Lei de Amnistía que favoreza, entre outros, aos procesados polo referendo ilegal de 2017, en ocasións por feitos dunha violencia extrema.*

*Non é a primeira vez que se expón esta cuestión. Xa en 2021 rexistrouse unha iniciativa destas características no Congreso e os Letrados emitiron un informe contundente contrario á súa tramitación. Ademais, tanto Pedro Sánchez como*





## Concello de Outeiro de Rei

*ministros do seu Goberno, Juan Carlos Campo, Fernando Grande Marlaska e Carmen Calvo, entre outros moitos dirixentes socialistas, afirmaron no pasado a inconstitucionalidade dunha posible amnistía.*

*Os feitos xurídicos seguen igual, pero cambiaron as circunstancias políticas. Pedro Sánchez, nun intento desesperado por conservar a Presidencia do Goberno, abriuse a que se poida tramitar unha Proposición de Lei. Ademais de supoñer unha inconstitucionalidade flagrante, de novo preténdese utilizar un atallo para evitar os controis de legalidade do CGPJ, a Fiscalía e o Consello de Estado.*

*O prezo da presidencia non sería só exculpar centenaes de delitos senón deslexitimar o Estado de Dereito e branquear e considerar a lexitimidade de a sedición que levou a cabo. En definitiva, un inasumible prezo político para calquera gobernante decente e que a falta de rexeitamento explícito e contundente por parte do Goberno está a causar unha profunda conmoción social.*

*Por todo iso, o Grupo Popular no Concello de Outeiro de Rei, presenta a seguinte:*

### PROPOSTA DE ACORDOS

- 1. Rexeita calquera tipo de amnistía ou indulto xeneralizado para calquera grupo de cidadáns, calquera que sexa o seu delito.*
- 2. Considera que o imperio da lei é a expresión da vontade popular, tal e como establece o preámbulo da Constitución, e compromete a todos os poderes para o seu cumprimento.*
- 3. Anima aos dous partidos maioritarios a buscar acordos de Estado que eviten que a sociedade española véxase sometida ás condicións ilegais de partidos independentistas.*
- 4. Dar traslado destes acordos á Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia primeira e Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, á Vicepresidencia segunda e Ministerio de Traballo e Economía Social, ao Ministerio de Política Territorial e aos portavoces parlamentarios no Congreso e o Senado; así á Xunta de Goberno da FEMP.*

Di o sr. Alcalde que, dende o punto de vista institucional, a actualidade é que o PSOE xa non é o PSOE, senón o partido dun señor que fai o que lle da a gaña e conta co respaldo dos seus deputados. Di o sr. Alcalde que Sánchez presume de que vai ser presidente pero para iso necesita un voto que conlevaran: amnistía e declaración de independencia.

Di o alcalde que é unha enmenda total á Constitución porque supón ignorar o xuzgado e perdoar os delitos como os de sedición e malversación.

O concelleiro nacionalista Miguel Vieito di que esta moción é un circo, que esta moción é moi previsible, que se trata dunha moción de partido. Di que a moción é falsa e que fala dunha amnistía que non existe. Di o concelleiro nacionalista que moitos xuristas lle ven encaixe legal. Di que o goberno de Aznar indultou a mais de 5.000 persoas durante o seu goberno e fala tamén da amnistía fiscal do PP. Di que o BNG quere solucionar un conflito político. Critica que o goberno do PP apoia a amnistía cando lle interesa. Lamenta que mentras se fala disto, non se fala doutras





## Concello de Outeiro de Rei

cousas importantes para Outeiro como a despoboación rural ou o problema do saneamento. Anuncia o voto en contra do seu grupo.

A concelleira socialista Carmen Acacio di que agora é o momento de Nuñez Feijoo e que en 1977 Alianza Popular abstívose na votación da Lei de Amnistía. Di a concelleira que poñer fin a unha amnistía axudaría a solventar unha situación política insostenible e que afectaría a mais de 1000 personas afectadas por multas e delitos leves, porque non son delitos de sangue.

Di que Aznar cando necesitou os votos do nacionalistas fíxolles moitísimas concesión e ningún dixo nada.

Responde o sr. Alcalde dicindo que para os do BNG todo o que din os do PP é un circo porque so eles considéranse importantes. Di tamén que o BNG trae moitísimas mais mocións de cajetín que o PP e que él todo o que di a moción o pensa e o apoia. Di o sr. Alcalde que nos partidos da esquerda non existe a posibilidade de opinar en contra.

Di o sr. Alcalde que unha cousa con os indultos e outra a amnistía e que xa foi retirada da Constitución Española a malversación. Di que Puigdemont, Esperra Republicana e Bildu queren a amnistía. Di o sr. Alcalde respecto á investidura do Sr. Feijoo que é preferible perdela que ganala a calquera precio. Dille o alcalde ó concelleiro nacionalista Miguel Vieito que falar de despoboación no rural en Outeiro é complicado e que a amnistía sí lles preocupa aos veciños, sobre todo a él.

Sométese a votación a moción resultando aprobada por 9 votos a favor do PP e 4 en contra (3 do BNG e 1 do PSOE)

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Pregunta presentada pola concelleira Carmen Acacio, que se copia:

*Dentro das bases que han de rexer as axudas ás familias do Municipio para a escolarización ofrecidas por este Concello ante o inicio do curso escolar 2023/24, entre outros requisitos consta o de estar cursando diferentes niveis educativos, desde o 2º ciclo de educación infan acharelato, incluída a Formación Profesional de Grao Medio pero en ningún momento se alude á Formación Profesional de Grao Superior. Poderíase dar desde o equipo de Goberno unha explicación para que este nivel de estudos non estea incluído nesas axudas?*

Contéstalle o sr. Alcalde que o grado superior de FP equivale a estudos universitarios e non se dan axudas meses niveis

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES





## Concello de Outeiro de Rei

---

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

